

Ideas para traballar o enfoque ecosocial na educación¹

*«Al currículum és on hi ha el nucli del
procés d'ensenyament-aprenentatge i,
per tant, és on hi hauria d'haver les
transformacions amb una mirada
ecologista »*

Luis García Reyes² no marco do
seu relatorio achegou algunhas chaves para
poder incorporar as temáticas ecosociais ás
prácticas educativas docentes nas aulas e os
centros,³ tratando de responder a pregunta:



Ilustración: Joly Navarro Rognoni

Como facer unha inclusión do enfoque ecosocial na educación?

Para transversalizar o enfoque ecosocial propón:

1) Fomentar a participación da comunidade educativa:

- Precísase o conxunto da comunidade educativa: dende a súa experiencia, hai algúns anos que comezaron a levar a cabo algunhas iniciativas, como a creación de grupos de consumo á saída do colexio, nos que as familias, mais tamén o profesorado, poden mercar a produtores ou produtoras próximas en réxime agroecolóxico, de tal xeito que o centro pasa de ser só un centro educativo a ser tamén un centro alimentario; «vas recoller o teu fillo e filla e marchas coa compra, ademais de relacionarte de igual a igual co profesorado cando se reparten as berenxenas».

¹ Resumo da ponencia presentada por Luis García Reyes no marco do Virtual Advance-XI Encontro da Rede Transforma. Comunidades educativas para a cidadanía global", 24 de febreiro de 2022.

² Luis García Reyes, responsable de l'Educació Ecosocial a FUNHEM Coautor de varios traballos, entre eles o Currículo Ecosocial (e a súa obra complementaria) e agora o Informe: <https://www.fuhem.es/wp-content/uploads/2021/12/Informe-conocimiento-defensa-defensa-medioambiente-LOMLOE.pdf>.

³ A fundación FUHEM, na que desenvolve a súa práctica profesional Luis García Reyes, promove a interacción entre a reflexión nos eidos ecosocial e educativo, e a práctica que se aplica nos seus centros escolares. Véxase: <https://www.fuhem.es/>.

- Elaboración de materiais didácticos: entenden que os materiais didácticos non son algo única e exclusivamente para o alumnado, senón que son para o conxunto da comunidade educativa e axudan a ter procesos de formación que doutra forma custan moito máis; «tamén aprenden as familias, dándose procesos de alfabetización ambiental para o conxunto da comunidade educativa».

2) Prestar atención aos modelos de xestión:

- Outro elemento no que se pode dar ese enfoque transversal dos temas de sustentabilidade ambiental e ecosociais é no relativo a como se xestionan os centros educativos, xa que «os modos de xestión destes tamén educan, non son neutrais». Pódense destacar distintos elementos: crear, organizar, espazos de coordinación do propio alumnado, mais tamén das familias, que aborden temáticas ambientais; «non só o alumnado se converte nun actor de transformación que se empodera no cambio proambiental dos seus centros, senón que ademais se transforma nun motor dos cambios».
- As contornas non son neutrais, polo que propón transformar os patios e os corredores, permitindo o contacto coa natureza, con infraestruturas ecolóxicas e accesibles, a creación dunha horta escolar, decoración ecosocial etc.

3) Acudir ás actividades fóra da xornada lectiva:

- Existe todo un espazo para traballar o enfoque da sustentabilidade que se localiza naquilo que sucede fóra da xornada lectiva. Entre eses espazos destacan o comedor (facer unha transición a comedores sustentables e saudables), as extraescolares ecosociais, as viaxes de estudo para coñecer procesos de cambio e desenvolver servizos comunitarios, o uso do centro para actividades ecosociais, os bicibuses ou pedabuses etc.

4) Organizar actividades puntuais:

- Emporiso, cómpre actuar dentro das aulas para transformar o que sucede nelas. Moitas veces fano apoiándose en efemérides, días especiais que serven de elemento motivador para dar comezo a un proxecto, como o Día da Terra, o Día do Medio Ambiente, excursións pola natureza... todo isto serve para impulsar a ollada ecoloxista.


5) Incorporar no currículo formal os temas ecosociais:

Este é o punto fundamental para Luis, xa que aí «é onde está o corazón do proceso de ensinanza-aprendizaxe e, daquela, aí é onde deberían estar as transformacións, cunha ollada ecoloxista á hora de deseñar o currículo. Transformar o currículo significa mudar os obxectivos que se traballan, os contidos, a metodoloxía e a forma de avaliar».


Que elementos transformar para transitar cara a un currículo ecosocial?

Traballar a competencia ecosocial implica:

- 1) entender que os seres humanos **somos ecodependentes**;
- 2) entender o **funcionamento da biosfera**;
- 3) comprender a crise **civilizatoria existente**;
- 4) promover que o alumnado entenda que somos **axentes de cambio ecosocial**;
- 5) **desenvolvemento persoal e coidados do planeta**: asumir a responsabilidade dos coidados das persoas e do conxunto da vida que temos no planeta;
- 6) **xustiza para conservar a natureza**: existe unha inxustiza ambiental que se pode rastrexar dende as emisións, localizando aos responsables e a quen sofre os efectos, por exemplo;
- 7) **democracia para a transición ecosocial**: desenvolver ferramentas para a reflexión, repensar os mecanismos de toma de decisións para incluír o conxunto dos seres vivos que cohabitamos no planeta;
- 8) **técnicas sustentables**: repensar as técnicas para que estean atravesadas pola sustentabilidade.



Imaxe 1 ilustrativa da exposición de Luis García Reyes, que recolle os elementos necesarios para transitar cara a un currículo ecosocial.



Imaxe 2 ilustrativa da exposición de Luis García Reyes, que recolle os elementos necesarios para transitar cara a un currículo ecosocial.

Para concretar todas estas ideas, desde FUHEM deseñaron unha proposta de desenvolvemento curricular do que serían os obxectivos de corte ecosocial; así mesmo, elaboraron o informe [*O coñecemento e a defensa do medio ambiente na LOMLOE*](#), no que, ademais de analizar a lei, fan propostas que serven ao profesorado á hora de pór en marcha as súas propostas curriculares. Ao mesmo tempo, consideraron preciso levar todo isto a un nivel de concreción maior, no que se traballen obxectivos, contidos, metodoloxía e avaliación; por iso editaron a [*Guía para educar desde a perspectiva ecosocial no coidado e a defensa do medio ambiente*](#).

Luis, ademais, fai fincapé na metodoloxía, xa que esta non é neutral: «para traballar a nivel metodolóxico o enfoque ecosocial, un primeiro elemento a incorporar é o enfoque socio-afectivo, pondo as emocións no centro da aprendizaxe e traballando os temas ecosociais desde a vivencia, como debe ser un proceso de aprendizaxe para a acción, con metodoloxías como a aprendizaxe baseada en proxectos e a aprendizaxe servizo».



[Accede ao vídeo da presentación, dende o minuto 40' ata o minuto 71'](#)

6

Ideas para traballar o enfoque ecosocial na educación



Ilustración: Leticia Navarro